
Andan os paxaros...

**FLORENCIO MANUEL
DELGADO GURRIARÁN**

Andan os paxaros,
co medo, a chiar...
(Do Xapón, mandaron
castiros ananos
para que os nenos poidan
os niños pillar
sen rubir ás gallas,
sen engateñar,
sen rachar as calzas...
dende o mesmo chan!)
Andan os paxaros,
co medo, a chiar.




CASTIÑEIRO, grabado en linóleo de Xaime Prada na primeira edición de *Bebedeira*, no ano 1934.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 DE MAIO 2022



**FLORENCIO
MANUEL
DELGADO
GURRIARÁN**
(1903-1987)



FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN


Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Cógomo, no concello ourensán de Vila-martín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi desti-

nado seu pai, profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras onde o pillou a Guerra Civil.

Foi perseguido pola súa militancia política pero conseguiu fuxir a Portugal e despois a México onde casou con Celia Teixeira, filla de emigrantes galegos.



Bebedeira, editado pola Editorial Nós no ano 1934, recolle poemas de Florencio dedicados ás terras de Valdeorras.

Deuse a coñecer como poeta co seu libro *Bebedeira*, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

En México foi un dos fundadores da revista *Vieiros*, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista e da *Hora de Galicia*, un programa de radio que estivo en antena todos os domingos durante case vinte anos.

Foi membro correspondente en México da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras de 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



Florencio, á esquerda, co seu irmán Edmundo, en 1936.